

# NORMATIVA




Coa seguinte normativa pretendemos matizar os aspectos construtivos das carrilanas que desexen participar no Gran Premio de Carrilanas de Esteiro.

Dende a organización aconsellamos a todos aqueles que desexen construír unha carrilana que ante calquera dúbida se poñan en contacto con nós a través da dirección de correo electrónico [info@carrilanasesteiro.com](mailto:info@carrilanasesteiro.com), co fin de manter o espírito da competición.

A organización resérvase o dereito a descalificar a calquera carrilana que non cumpra cos requisitos recollidos nesta normativa así como a tomar as medidas necesarias no caso de que se poña en perigo a seguridade dos demais participantes ou do público.


Os catro primeiros pilotos clasificados da carreira das rápidas, estarán obrigados a desmontar eles mesmos, unha roda traseira e unha roda dianteira no lugar habilitado para tal fin pola organización inmediatamente despois de rematar a proba, no caso de que así lles sexa requirido por parte da organización. No caso de non facerse, procederase a exclusión da proba.



- 1.RODAS
- 2.TABLÓN
- 3.TRAVESAÑO EIXE
- 4.SOPORTE EIXE

## 1. RODAS


Serán de madeira, sen rodamentos, recubertas de goma sen aire. Diámetro máximo de 450 mm (incluído o recubrimento de goma da roda).



## 2. TABLÓN


Será de madeira, non se permitirá chasis metálico recuberto de madeira.

Medidas máximas




### 3. TRAVESAÑO EIXE

Será de madeira, non se permitirán perfíles metálicos na peza de maior lonxitude.



### 4. SOPORTE DE EIXE

Recoméndase fabricación en madeira aínda que tamén se permitirán outras solución que garanticen o xiro roda-eixe entre dúas superficies de madeira. Permitirase a utilización de casquillos de madeira sempre que estén perfectamente anclados e non exista deslizamento sobre unha superficie metálica.



## 5. ENGRASE



Para a lubricación das superficies eixe-roda, estará totalmente prohibido o uso de aceites ou outras sustancias líquidas. Permitirase o emprego de graxa consistente ou similar, recomendando o uso de bombas manuais.

### **IMPORTANTE**

- Os participantes que empreguen carrilanas propiedade de Ramiro García Núñez "Gerente", deberán encargarse do seu traslado dende o local da ADC Esteirana de Carrilanas ata a exposición, participar de xeito activo na transporte ata o circuíto e unha vez rematada a proba, asegurarse do seu retorno a Casa das Carrilanas. Deberán inscribirse como Escudería Gerente, e deberán comunicarlle a organización en que carrilana participan antes da data. Será obrigatorio o uso do casco. Rógase un uso cívico e responsable destas carrilanas.
- Todos os pilotos deberán presentar o **D.N.I. ORIXINAL** e no caso dos menores de 18 anos, deberán asinar unha autorización paterna ou do titor legar presentando este tamén o seu D.N.I. Os pilotos menores de 18 anos non poderán participar na categoría "Rápidas".
- Será **OBRIGATORIO** que cada piloto expoña a súa carrilana na Alameda de Esteiro o Sábado 16 e o Domingo 17 de Xullo a partires das 12:00h ata as 15:00h. Deste xeito verificaremos que cada carrilana cumpra as normas de construción e seguridade polo que a carrilana que non se presente a exposición non poderá participar. Durante a exposición do Sábado, realizarase a **inscripción o reparto de dorsais e verificación de carrilanas**.
- Será **OBRIGATORIO O USO DO CASCO** para **TODOS** os pilotos. Os pilotos das Carrilanas de competición deberán empregar casco integral con suxeición e non se lles permitirá baixar con ningunha prenda de manga corta. Ademais, nesta categoría será obrigatorio o uso de peto de protección (estilo motocross) recomendable tamén nas demais categorías. Recoméndase tamén o uso de proteccións tales como guantes, xeonlleiras, codeiras...
- Na categoría das rápidas participarán as carrilanas clasificadas cos 20 mellores tempos da Pole-Position.
- Na Pole-Position ambos pilotos poderán empurrar na saída. O día da carreira tan só poderá empurrar o copiloto, permanecendo o piloto sentado.
- Os pilotos da categoría individual (1 piloto), non poderán recibir axuda externa na Pole Position e tampouco na carreira. O empuxe da carrilana deberá proporcionarse dun xeito autónomo.
- Os dorsais deberán estar visibles na parte dianteira e traseira da carrilana.
- Non estará permitido o uso do circuíto durante o ano, salvo autorización expresa da organización e das autoridades competentes.
- Os participantes que non cumpran estas normas, quedarán excluídos da proba e tomaranse as medidas legais oportunas no caso de que se poña en risco a seguridade dos demais participantes ou do público.
- Permitirase que os pilotos que o desexen non tomen a saída da pole-position, participando unicamente na carreira.
- A organización resérvase o dereito a descalificar e tomar as medidas legais oportunas, no caso de que algún participante non teña un comportamento adecuado ou cometa algunha falta de respecto ou doutras características contra calquera persoa, ben sexa do público, participante, organización,...
- No caso da descalificación, o participante perderá o dereito a calquera premio ou recoñecemento.

- No caso de portar publicidade de terceiros incompatible cos patrocinadores oficiais do evento, ningún participante estará autorizado a lucir dita publicidade salvo autorización expresa da organización.
- Coa firma da autorización para a baixada de carrilanas, o participante estará obrigado a cumprir esta normativa.